


TCA: Cerdido - "Sondeos Gayoso" - 11,350 Kms

1º Paso: 09:16

2º Paso: 12:20



Saída→ Para acceder á saída deste treito deberemos chegar ata a poboación da Vila da Igrexa, en Cerdido. Para iso, dende Narón tomamos a autovía dirección As Pontes - Vilalba, a AG-64, vía que abandonaremos na saída 13, que indica San Sadurniño - Ortigueira - Xuvia. A 100 metros tomaremos a estrada á esquerda, dirección San Sadurniño - Ortigueira - Viveiro, pola AC-862, atravesando as poboacións de Lamas e Balocos e ao chegar ás Felgosas, tras pasar o quilómetro 32, ao final da poboación, xiraremos á esquerda pola indicación Cerdido 4,5 - Cedeira 15. Tras percorrer 5,3 quilómetros e tras pasar A Vila da Igrexa, por esta estrada, a AC-102, tomaremos unha pista á esquerda, que indica Valdoviño, onde existe un antigo serradoiro sen actividade. Continuando por esta estrada, a CP-2502, e a 1,8 quilómetros chegaremos á saída. Coordenadas: N43°36'50'' - W8°01'21''.

1→ Para acceder a este punto situarémonos na poboación de Valdoviño, en dirección Cedeira, e xusto na parte final do núcleo urbán, no quilómetro 13 da AC-566, tomaremos á dereita a CP-2502, que indica O Coval, A Pena, Loira, Encoro das Forcadas, Loira, Club Náutico, Vilaboa 11, San Sadurniño 13. Transitaremos por esta vía durante 11,5 quilómetros, sempre por esta estrada principal, deixando en todo momento o encoro das Forcadas á man esquerda. Ao chegar ao stop xiramos á dereita e continuamos de fronte, pola indicación Cerdido 5,5 durante 2,2 quilómetros, momento no que nos atoparemos co treito. Coordenadas: N43°36'49'' - W8°01'54''.

2→ Para este acceso utilizaremos as mesmas indicacións que para o punto 1. Ao chegar ao stop do quilómetro 11,5 tamén xiraremos á dereita, pero 100 metros máis adiante volveremos a xirar á dereita, pola CP-4905, dirección Moeche 7, xusto tras pasar o fito quilométrico 12 da CP-2502. Tras percorrer 3,3 quilómetros tomaremos unha pista á esquerda, nas Loibas, que indica Monte e A Chaíña, pola CP-2501, pola que continuaremos durante 2,7 quilómetros, xirando neste lugar á esquerda, xusto ao lado do bar A Chaíña, para continuar por esta pista outros 750 metros, xirando a continuación á dereita e atopando a escasos metros o treito. A este punto tamén se accede dende o lugar de Balocos, na estrada que une Narón con Ortigueira, a AC-862, no municipio de Moeche. En Balocos, ao lado do bar Xambas, xiraremos á esquerda, pola indicación Vilaboa, Gundiao, Vilariño, Monte e tras percorrer 3,2 quilómetros chegaremos ás Loibas. Xiramos á dereita e seguimos as indicacións Monte e A Chaíña e as indicacións que se citan ao principio para chegar a este punto. Coordenadas: N43°36'34'' - W8°01'32''.



3→ Para acceder a esta parte do percorrido utilizaremos o mesmo traxecto que para chegar á saída. Tras pasar A Vila da Igrexa, por esta estrada, a AC-102, tomaremos unha pista á esquerda, que indica Valdoviño, onde existe un antigo serradoiro sen actividade. Continuando por esta estrada, a CP-2502, e a 1,4 quilómetros tomaremos unha pista á esquerda que indica Penso - Os Valados - A Chaíña. Continuaremos por esta pista, que se estreita entre casas, durante 700 metros, momento no que atoparemos o treito. Coordenadas: N43°36'53'' - W8°00'57''.

4→ Para acudir a este lugar utilizaremos as mesmas indicacións que para ir á saída, pero tras xirar á esquerda, dirección Valdoviño, onde se atopa o serradoiro sen actividade, e tras percorrer pouco máis de 600 metros desviarémonos á esquerda, dirección Xaneira - Carballal. Percorreremos por esta pista 1,750 quilómetros e xiramos á dereita, por unha pendente moi considerable, chegando ao treito 200 metros máis adiante, no lugar de Carballal. Coordenadas: N43°36'30'' - W8°00'41''.

5→ Para este punto tamén utilizaremos as mesmas indicacións que para ir ao punto 2, só que ao chegar ao lugar no que está o bar A Chaíña xiraremos á dereita, cara ás Seixas - Carballal, durante 300 metros e logo á esquerda, e a 400 está o treito. Coordenadas: N43°36'27'' - W8°01'41''.

6→ Para acceder a este lugar, o máis recomendable é facelo dende a estrada que comunica Narón con Ortigueira, a AC-862. Para iso, dende Narón tomamos a autovía en dirección As Pontes - Vilalba, a AG-64, vía que abandonaremos na saída 13, que indica San Sadurniño - Ortigueira - Xuvia. A 100 metros tomaremos a estrada á esquerda, dirección San Sadurniño - Ortigueira - Viveiro, pola AC-862, atravesando as poboacións de Lamas e Balocos, para chegar a continuación a Abade. Tras pasar o fito quilométrico 27, a uns 300 metros, xusto en fronte dun negocio de mármoles, "Mármoles Trieiro", tomaremos a pista da esquerda que indica Casanova, Peneiro, Canosa, Cabanela, Xanfero, Valdixe. Unha vez nesta estrada, tras 300 metros, desviarémonos á esquerda, pola primeira pista que se mete á esquerda e sen indicación. 500 metros máis adiante xiramos á dereita. Tras percorrer outros 600, entre casas, xiramos á esquerda. Continuamos de fronte, aos 500 metros e tras outro medio quilómetro chegamos á especial. Coordenadas: N43°35'43'' - W7°59'46''.

7→ A este lugar chégase igual que para o punto 6, pero tras tomar a pista que indica Casanova, Peneiro, Canosa, Cabanela, Xanfero, Valdixe e unha vez nesta estrada, e sen desviarnos, tras percorrer 2,4 quilómetros, sempre de fronte, chegaremos ao treito. Coordenadas: N43°36'03'' - W7°59'13''.

8→ Para acceder a este lugar deberemos de chegar ata a poboación da Vila da Igrexa, en Cerdido. Para iso, dende Narón tomamos a autovía en dirección As Pontes - Vilalba, a AG-64, vía que abandonaremos na saída 13, que indica San Sadurniño - Ortigueira - Xuvia. A 100 metros tomaremos a estrada á esquerda, dirección San Sadurniño - Ortigueira - Viveiro, pola AC-862, atravesando as poboacións de Lamas e Balocos e ao chegar ás Felgosas, ao final da poboación, xiraremos á esquerda pola indicación Cerdido 4,5 - Cedeira 15. Tras percorrer 4,5 chegaremos á Vila da Igrexa, onde xiraremos á esquerda, na indicación O Castro - Domende - Cruz dos Novás, xusto ao lado do restaurante O Pazo e da igrexa. Discorreremos por esta estrada 1,5 quilómetros e ao chegar a Cruz dos Novás xiraremos á dereita, pola indicación A Rincha - Chao. Tras percorrer 500 metros, en baixada, seguiremos pola esquerda, dirección Chao - O Regueiro, localizando a 1.300 metros o treito. Coordenadas: N43°36'03'' - W7°59'11''.

9→ Para chegar a este lugar utilizaremos as mesmas indicacións que as utilizadas para o punto anterior pero unha vez en Cruz dos Novás, en vez de xirar á dereita continuaremos de fronte, pola indicación As Felgosas. Atravesaremos Fercoi e a 450 metros, tomaremos unha pista á dereita, nun rasante, que indica Cruz de Casaldaia - Sete de Abaixo. Tras 1,5 quilómetros chegaremos a Casaldaia de Arriba, onde xiraremos á dereita, seguindo a indicación O Regueiro - Chao - Cruz dos Novás, percorrendo un quilómetro e chegando ao treito. Coordenadas: N43°35'56'' - W7°59'00''.

10→ A este punto chégase igual que ao anterior, só que ao chegar a Casaldaia de Arriba, no cruzamento, continuaremos de fronte, dirección Sete de Abaixo, e encontramos o treito a 600 metros. Coordenadas: N43°35'50'' - W7°58'06''.


Meta→ Para chegar ao final do treito tomaremos a estrada que une Narón con Ortigueira, a AC-862, e xusto á altura do fito quilométrico 30, tomaremos unha estrada á dereita, que indica As Barbelas - A Rañoa, pola que andaremos 600 metros e onde debemos xirar á esquerda, dirección Sete de Abaixo - Cruz de Casaldaia, onde a 300 metros está a meta. Coordenadas: N43°35'46'' - W7°57'49''.

**Os organizadores poden suspender a celebración da proba
se nalgún momento observan situacións potencialmente perigosas para deportistas e público.
Non nos obrigues a tomar esta decisión.
Detrás do que para ti é un espectáculo hai meses de traballo de decenas de persoas.**

TCB: Queiroga - "Talleres Casal y Pernas" - 11,650 Kms

1º Paso: 09:43

2º Paso: 12:47



Saída→ Para acceder á saída partimos de Narón en dirección a As Pontes, sendo o máis recomendable tomar a autovía Ferrol - Vilalba, a AG-64. Circularémos por esta vía ata a saída 26, dirección As Somozas - Polígono Industrial - Cedeira. 600 metros máis adiante, na glorieta, seguiremos de fronte, pola AC-110, dirección As Somozas - Polígono Industrial - Cedeira. Seguiremos por esta estrada dez quilómetros, atravesando lugares como Recemel, A Garita, As Somozas, Abeledo, Cerdeira de Cabalar, O Rego da Madeira e Calmourel, xirando á dereita uns metros máis adiante, nunha indicación que pon Casares, tras percorrer 13,5 quilómetros da AC-110 e ao lado dunha casa nova de pedra. Tras 250 metros tomaremos de novo unha pista á dereita que ten unha indicación de Insua 7, ao lado dunha igrexa, e a 250 metros encóntrase a saída. Coordenadas: N43°34'38" - W7°54'58".

1→ Este punto é recomendable para os espectadores que procedan da zona de Ortigueira, xa que na localidade de Cuiña, AC-862, que une Ferrol con Ortigueira, no quilómetro 41, tomaremos a estrada dirección Igrexa de San Claudio - A Feira - O Ermo - Axilde, pola CP-4906, onde tras percorrer 7,5 quilómetros pasaremos polo Ermo, e tras percorrer outros 5,6 quilómetros continuaremos pola dereita, pola CP-2503, en dirección á Igrexa de Insua. Catro quilómetros máis adiante, sen abandonar esta estrada, encontrámonos con este punto. Coordenadas: N43°34'21" - W7°54'13".

2→ Para acceder a este punto utilizaremos as mesmas indicacións que para ir á saída, pero tras superar o lugar das Somozas, Abeledo e Cerdeira de Cabalar, xiramos á dereita, na indicación As Enchousas, no quilómetro 10,4 da AC-101 e no 0 da CP-4906. Continuaremos por esta estrada 2,4 quilómetros e encontrámonos co treito. (¡¡¡ATENCIÓN!!! este acceso coincide con un Percorrido de Evacuación polo que non deberá ser obstaculizado, de xeito que ó estacionar quede paso suficiente para o tránsito de ambulancias. De non cumprirse a petición poderíase dar o caso de que o treito non se celebre, ó carecer dunhas evacuacións rápidas e seguras). Coordenadas: N43°33'34" - W7°54'22".


3→ Para acceder a este lugar, utilizaremos as mesmas indicacións que para ir ao punto anterior, pero tras percorrer pouco máis de sete quilómetros e tras pasar A Garita, xusto despois do cartel de As Somozas, tomaremos a estrada da dereita que indica polígono industrial. Atravesaremos o polígono e tras percorrer catro quilómetros e medio, tras pasar por Fontelo, chegaremos a Seixas, tomando unha pista á esquerda que indica O Xunco - Morado, para deseguido, a 150

metros, continuar por unha pista que sobe á dereita, sen indicación, pola que tras percorrer 2,9 quilómetros por unha pista moi estreita, os últimos en non moi bo estado, chegaremos á cronometrada.

Coordenadas: N43°33'55" - W7°53'23".

4→ Este punto é recomendable para os espectadores que procedan da zona de Ortigueira e As Pontes. Para os primeiros, tal e como se indicou para o punto 1, na localidade de Cuíña, C-642, que une Ferrol con Ortigueira, no quilómetro 41, tomaremos a estrada dirección Igrexa de San Claudio - A Feira - O Ermo - Axilde, pola CP-4906, que non abandonaremos en ningún momento e pola que tras percorrer ao redor de 22 quilómetros e tras superar lugares como Bolsido e San Miguel chegaremos ao treito no lugar da Queiroga. A este lugar tamén se pode acceder dende a zona do Deveso, parroquia de As Pontes, se dende ese lugar discurremos cara As Somozas, por Soutochán. Preto do límite de ambos os dous concellos e tras superar dúas paellas, na terceira, seguiremos de fronte, durante dous quilómetros. Chegaremos no alto ao lugar de San Miguel, onde xiraremos á esquerda e a dous quilómetros encontraremos a especial. Coordenadas N43°33'47" - W7°52'40".

Meta → Para ir á meta, utilizaremos as mesmas indicacións que para ir ao punto 3, pero en vez de xirar á esquerda no lugar de Seixas, continuaremos de fronte e tras percorrer 1,4 quilómetros seguiremos de fronte, deixando á esquerda a indicación Sogarisa e Marván. Chegaremos á meta uns 300 metros máis adiante. Se accedemos dende a zona do Deveso, tal e como se explicou para o punto 4, na terceira paella en vez de seguir de fronte, continuamos pola esquerda, e sempre por esta estrada, dese xeito atoparémonos coa meta tras percorrer dous quilómetros e seiscentos metros. Coordenadas N43°32'52" - W7°52'47".



||||| Zonas Prohibidas ó Público

Un rallye é un espectáculo do que todos podemos gozar con total seguridade, sempre que sigamos unha serie de pautas. Pola contra, o que comezou como un día ó aire libre de diversión, en compañía da familia ou amigos, pode rematar causándonos máis dun desgusto ós organizadores, participantes e afeccionados.

Nos últimos tempos, a afluencia de público ás probas automobilísticas cada vez é maior, e dita masificación non facilita o traballo das autoridades e organizadores para controlar debidamente ós espectadores, tendo ademais en conta que estes non sempre se comportan de forma consciente e responsable.

Non hai que esquecerse que os rallyes son un deporte de risco. Os participantes asumen ese risco e contan cunha serie de proteccións para minimizalo. Sen embargo, os afeccionados só dispoñen do seu sentido común e das recomendacións feitas pola organización. Aínda así, pedímosvos a máxima colaboración para cumprir en todo momento as recomendacións dos Organizadores, Protección Civil e das Forzas de Seguridade do Estado.

TCC: Ferreira - “Estación de Servicio La Gallada” - 10,900 Kms

1º Paso: 17:41

2º Paso: 19:55



Saída→ A este lugar, moi próximo á piscina municipal de Moeche, chegaremos por varios accesos.

Dende a localidade das Somozas, se tomamos a estrada cara a Balocos, a CP-4904, tras percorrer tres quilómetros chegaremos á poboación de Felgosa. Nela tomaremos unha pista á esquerda que indica Castelo, Castelo de Moeche - S.Xurxo - Igrexa - Soutogrande Área de Lecer. Seguiremos por ela 900 metros e xiraremos á esquerda, e 600 metros máis adiante e tras pasar ao lado dunha igrexa, á man esquerda, e do Castelo de Moeche, á dereita, xiraremos á esquerda, dirección Soutogrande Área de Lecer e S. Marcos Capela, por onde tras percorrer dous quilómetros chegaremos ao treito.

Se partimos da localidade de San Sadurniño, na glorieta, xiraremos á dereita dirección Ferreira 3 - Igrexafeita 10. Tras 2,9 quilómetros, tomaremos unha pista á esquerda que indica Moeche - Lamas - Felgosa. Continuaremos por esta estrada 3,9 quilómetros e chegaremos á especial.

Tamén unha vez en San Sadurniño podemos continuar dirección Ortigueira, pola AC-862, ata a poboación de Balocos, onde xiraremos á dereita na indicación As Somozas 8 e S.Xurxo, Labacengos, Santa Cruz, Castelo de Moeche, Área Recreativa. Percorreremos por esta estrada, a CP-4940, un quilómetro, xirando á dereita en dirección S.Xurxo, Castelo de Moeche, Área Recreativa, San Xurxo, deixando a 2,5 quilómetros o castelo de Moeche á esquerda e continuando por esta estrada outros dous quilómetros, momento no que nos encontraremos coa saída da especial.

Coordenadas: N43°32'03'' - W8°00'12''.

1→ Para acceder a este punto partiremos de Narón dirección As Pontes, pola autovía AG-64, desviándonos na saída 13, na indicación San Sadurniño - Ortigueira - Xuvia. Xiraremos á esquerda, dirección San Sadurniño - Ortigueira e chegaremos á poboación de San Sadurniño, en cuxa rotonda xiraremos á dereita, seguindo a indicación Ferreira 3 - Igrexafeita 10. Tras percorrer 6,7 quilómetros, pola CP-7601, xiraremos á esquerda na indicación Couce da Fraga, Lapas, Santiso, As Filgueiras, por onde tras percorrer dous quilómetros estaremos neste punto. (¡¡¡ATENCIÓN!!! este acceso coincide con un Percorrido de Evacuación polo que non deberá ser obstaculizado, de xeito que ó estacionar quede paso suficiente para o tránsito de ambulancias. De non cumprirse a petición poderíase dar o caso de que o treito non se celebre, ó carecer dunhas evacuacións rápidas e seguras). Coordenadas: N43°31'37'' - W7°59'43''.



2→ A este punto chegaremos como ao anterior, pero continuaremos pola estrada xeral sen desviarnos na indicación Couce da Fraga, Lapas, Santiso, As Filgueiras. A 800 metros dese lugar, tomaremos unha pista á esquerda, que indica O Sumeiro e tras percorrer 700 metros, chegaremos ao treito. Coordenadas: N43°30'39'' - W7°59'50''.

3→ Para acceder a este punto deberemos partir de Narón en dirección a As Pontes, sendo o máis recomendable tomar a autovía Ferrol-Vilalba, a AG-64, tomando a saída 26, por onde seguiremos a indicación Cedeira - Polígono Industrial - As Somozas. Percorreremos pola AC-110, dirección As Somozas, 3,3 quilómetros, chegando ao lugar da Rodela, onde xiraremos á esquerda. Tras 1200 metros continuaremos pola dereita, dirección Porlá, Sta. Cristina, O Machuco, e 50 metros máis adiante á esquerda. Continuaremos durante 3,8 quilómetros por esta pista, realizando unha baixada a un pequeno río e unha posterior subida, dende Amido, chegando tras esa distancia ao treito. Coordenadas: N43°30'21'' - W7°59'34''.

4→ A este punto, situado nun lugar coñecido como A Chabola, accederemos dende a AC-861, estrada que une Xuvia con As Pontes. Partiremos de Narón, dirección As Pontes, pola autovía AG-64, tomando a saída 18, que indica Penavidreira, Naraío, Igrexafeita, tomando, na glorieta que se atopa sobre a autovía, dirección Igrexafeita. Pasaremos esta poboación, xa pola AC-861, e tras aproximadamente un quilómetro desviarémonos á esquerda, pola CP-7601, e na indicación San Sadurniño 10. A 1,4 kms encontraremos o treito. (¡¡¡ATENCIÓN!!! este acceso coincide con un Percorrido de Evacuación polo que non deberá ser obstaculizado, de xeito que o estacionar quede paso suficiente para o tránsito de ambulancias. De non cumprirse a petición poderíase dar o caso de que o treito non se celebre, ó carecer dunhas evacuacións rápidas e seguras). Coordenadas: N43°30'22'' - W7°59'55''.

5→ A este lugar chégase seguindo as indicacións do punto 1, pero en vez de xirar á esquerda na indicación Couce da Fraga, Lapas, Santiso, As Filgueiras, continuaremos de fronte, durante 1,3 quilómetros máis, chegando así á especial. Coordenadas: N43°30'30'' - W7°59'57''.

6→ Accederemos polas mesmas indicacións que se dan no punto 1, pero 150 metros antes de desviarnos dirección Couce da Fraga, Lapas, Santiso, As Filgueiras, tomaremos unha pista á dereita, que indica Borreiros de Abaixo, tras pasar o fito 3 da DP-7601, pola que tras percorrer 900 metros, os últimos sobre unha pista de terra en bo estado, chegaremos ao treito. Coordenadas: N43°30'33'' - W8°00'43''.

7→ Para acceder a este lugar utilizaremos o mesmo percorrido que para o punto 4, pero tras tomar dirección Igrexafeita, na glorieta que se atopa enriba da AG-64 e antes de superar esta poboación, xusto tras superar o bar O Casal, tomaremos unha pista á esquerda que indica Penalonga, A Curuxa, Ferreira. A 150 metros continuaremos pola esquerda, sen indicación, e por esta pista percorrерemos 2,5 kms en baixada, momento en que encontraremos o treito. Coordenadas: N43°30'45'' - W8°01'46''.

8→ Para acceder a este punto partiremos de Narón dirección As Pontes, pola autovía AG-64, desviándonos na saída 13, na que pon a indicación San Sadurniño - Ortigueira - Xuvia. Xiraremos á esquerda, dirección San Sadurniño - Ortigueira e chegaremos á poboación de San Sadurniño, en cuxa rotonda xiraremos á dereita, seguindo a indicación Ferreira 3 - Igrexafeita 10. Tras percorrer 5,6 quilómetros, pola CP-7601, xiraremos á dereita, (ollo, indica Cadavás pero o cartel non se ve neste sentido da marcha). A 400 metros continuaremos pola esquerda, entre casas, e 400 metros máis adiante atoparemos o treito. Coordenadas: N43°30'46'' - W8°01'46''.

9→ Para chegar a esta zona, na poboación de San Sadurniño xiraremos na rotonda á dereita dirección Ferreira 3 - Igrexafeita 10. Tras percorrer 4,500 quilómetros, tomaremos unha pista á dereita que fai cambio de rasante, que indica Os Pontigos, A Fraga, Piñeiros. Seguiremos por ela 450 metros e encontraremos o treito. Coordenadas: N43°30'57'' - W8°01'53''.


10→ Utilizaremos as mesmas indicacións que no punto 1 para chegar a San Sadurniño. Unha vez nesta poboación, na glorieta central, dirección Narón cara a Ortigueira, xiraremos á dereita, na indicación Ferreira 3 - Igrexafeita 10. Tras percorrer 3,650 quilómetros, pola CP-7601, antes de chegar á igrexa de Ferreira, tomaremos unha pista á dereita, que indica A Vila, xusto ao lado doutro cartel deste lugar, A Seara. A 120 metros continuaremos pola esquerda, entre casas, encontrando o treito a 250 metros. (¡¡¡ATENCIÓN!!! este acceso remata nunha zona moi estreita entre casas polo que se aconsella aparcar na xeral ou na Igrexa, permitindo así a saída dos veciños e tendo a tranquilidade de non quedar bloqueado). Coordenadas: N43°31'18'' - W8°02'16''.

Meta→ Ao igual que para o punto anterior partiremos de San Sadurniño, pola indicación Ferreira 3 - Igrexafeita 10. Tras percorrer 2,3 quilómetros, pola CP-7601, xiramos á dereita, na indicación Souto Calvo, e tras 1,1 quilómetros estaremos no final da especial. Coordenadas: N43°31'18'' - W8°02'18''.

TCD: Naraío - "Talleres Breogán" - 11,400 Kms

1º Paso: 18:05

2º Paso: 20:19



Saída→ Para ir á saída partiremos de Narón en dirección a As Pontes, pola autovía AG-64, tomando a saída 17, que indica Naraío - Penavidreira. Na glorieta xiraremos á dereita, dirección Naraío e circularémos por esta estrada, a AC-125, durante 2,3 quilómetros, xirando á esquerda na indicación Ponte de Ferreira, Naraío Castelo S. XIV, Fonte de San Roque, ademais da Vila, Piñeiro, Os Foxos, Ferreiras e Eirixado nun cartel que non se ve nesta dirección. Continuaremos por esta estrada 1.250 metros e xiraremos de novo á esquerda na indicación Castelo, Naraío Castelo S. XIV, encontrándose a saída 600 metros máis adiante. Coordenadas: N43°29'44" - W8°03'58".

1→ Para chegar a este punto utilizaremos a mesma saída da autovía AG-64, a 17, que para ir á saída. Na glorieta continuaremos de fronte, dirección A-64 As Pontes - Vilalba. Tras percorrer 200 metros xiraremos á dereita, pola indicación As Cancelas - As Nabeiras, e tras 1,8 quilómetros chegaremos á especial. Coordenadas: N43°29'54" - W8°03'04".

2→ Este punto encóntrase xusto ao lado do anterior. Para chegar ata este lugar temos dúas opcións. A primeira, abandonar a autovía AG-64 na saída 17, na glorieta seguir de fronte, pola AC-125, dirección A-64 - As Pontes - Vilalba, e tras 1,3 quilómetros xirar á dereita na indicación Vilarxá, A Pedreira, A Fraguela, Racamonde, ou Castelo, Rioliempo, Castelo de Naraío, por onde a 850 metros encontramos o treito. Outra opción é continuar pola autovía AG-64 ata a saída 18, que indica Penavidreira, Naraío e Igrexafeita. Na glorieta, xiraremos á dereita, dirección Penavidreira - Naraío, e a un quilómetro, á esquerda, dirección Vilarxá, A Pedreira, A Fraguela, Racamonde, ou Castelo, Rioliempo, Castelo de Naraío, por onde a 850 metros encontramos o treito. (¡¡¡ATENCIÓN!!! este acceso coincide con un Percorrido de Evacuación polo que non deberá ser obstaculizado, de xeito que ó estacionar quede paso suficiente para o tránsito de ambulancias. De non cumprirse a petición poderíase dar o caso de que o treito non se celebre, ó carecer dunhas evacuacións rápidas e seguras). Coordenadas: N43°29'54" - W8°03'03".

3→ Para chegar a este punto tamén utilizaremos a autovía a Vilalba, a AG-64, abandonando a devandita vía na saída 26, que indica As Somozas, Pol. Industrial, Cedeira. Na glorieta de saída tomaremos á esquerda, pola AC-861, dirección Ferrol, A Pena de Eiriz e A Toca. Transitaremos por esta estrada 1,2 quilómetros e xiraremos á esquerda dirección O Castro. Continuaremos por esta estrada, pasaremos a dous quilómetros por unha canteira que queda a man esquerda, e

a 4,6 continuaremos pola esquerda, dirección Parque Eólico do Forgoselo. Posteriormente, no 5,1 tamén atravesaremos un paso canadense en mal estado e aos 6,7 quilómetros tomaremos unha pista á dereita, tras unha recta longa que indica Parque Eólico do Forgoselo. Tras uns metros entraremos nunha pista de terra en bo estado que seguiremos de fronte. Aos 7,4 kms, dirección subestación, continuaremos pola esquerda, no 8,6, dirección Vilar de Mouros e Ferrol e tras 10,3 quilómetros de abandonar a AC-861 estaremos no treito. Coordenadas: N43°29'08'' - W8°02'57''.

4→ A este punto accederemos dende a estrada AC-121, que comunica A Mourela coas Felgueiras, estrada tamén coñecida como do Roxal. O máis recomendable é continuar por esta mesma estrada dende Vilar de Mouros, dirección As Felgueiras, é dicir, dirección Goente - As Pontes, e a uns 900 metros, tomando unha pista á esquerda que indica Os Roxedoiros - A Grúa e cuxo cartel está no outro sentido da marcha. Tras 1.700 metros teremos chegado ao treito. Outra opción é dende a poboación de Vilar de Mouros, situada no quilómetro 6,5 da mencionada estrada. Unha vez neste lugar tomaremos unha pista estreita que parte xusto ao lado do restaurante A Palma, á esquerda se vimos de Narón, pola cal e tras percorrer 1,4 quilómetros tamén ao treito. (**¡¡¡ATENCIÓN!!!** este acceso coincide con un Percorrido de Evacuación polo que non deberá ser obstaculizado, de xeito que ó estacionar quede paso suficiente para o tránsito de ambulancias. De non cumprirse a petición poderíase dar o caso de que o treito non se celebre, ó carecer dunhas evacuacións rápidas e seguras). Coordenadas: N43°28'23'' - W8°04'04''.

5→ Para chegar a este punto farémolo dende o lugar de Naraío. Para iso o máis cómodo é partir de Narón cara a Ortigueira, pola AC-862, e desviarnos no quilómetro 12,7 á dereita, na indicación Riocovo, Os Galanos, Os Torrentes, Igrexa de Nosa Sra. dos Remedios, Naraío. 150 metros máis adiante xiramos á dereita, dirección O Castelo de Naraío, Eirixado, Os Torrentes, A Coveluda. Tras algo máis de dous quilómetros chegaremos a Naraío, onde pasaremos ao lado do cemiterio e continuaremos 300 metros máis adiante pola esquerda, dirección Lourido e Cernada e 150 despois pola dereita, dirección Lourido e Quitíá. Tras tres quilómetros, sempre de fronte e por unha forte pendente, chegaremos á especial. Coordenadas: N43°28'41'' - W8°04'59''.

Meta→ A finalización deste treito está moi próxima á estrada AC-121, que comunica A Mourela coas Felgueiras, estrada tamén coñecida como do Roxal. Para chegar a este lugar partiremos de Narón pola AC-862, dirección Ortigueira e ao chegar á Mourela, en Neda, tras pasar o quilómetro 8, xiraremos á dereita, dirección A Capela. Tras percorrer 7,9 quilómetros por esta estrada e antes do fito quilométrico 8 tomaremos unha pista á esquerda, ao lado dunha marquesiña, por onde a 300 metros está a meta. A este lugar tamén se pode acceder dende a estrada que une Fene con Lavandeira, a CP-1503. Ao chegar ao lugar de San Marcos, a 4,5 quilómetros de Fene, tomaremos unha estrada á esquerda, que indica Belelle, pola que transitaremos uns dous quilómetros, pola CP-3503. No stop xiraremos á dereita e a un quilómetro, antes do fito quilométrico 8, tomaremos unha pista que se mete á esquerda, ao lado dunha marquesiña, onde a 300 metros finaliza o treito. Coordenadas: N43°28'03'' - W8°05'33''.

RESPETA o espazo natural onde disfrutas da carreira.

Deixa o entorno tal e como o atopaches ó chegar.

Do mesmo xeito que transportas a comida, bebidas, tabaco... dende o coche ata o treito en bolsas, pódolo facer á inversa, ou cando menos, deixalo recollido para facilitar a limpeza da zona.

RESPETA as propiedades dos veciños.

Non rompas os peches das fincas.

Non estragues as súas colleitas, nin collas nada sen o seu consentimento.

SEXAMOS CÍVICOS

Evita o consumo excesivo de bebidas alcohólicas ou outras sustancias que podan volverche irritable.

Non perdas o control.

